


## OS TEXTOS ARGUMENTATIVOS

Son aqueles nos que se dá unha opinión sobre un tema en concreto e se intenta convencer as persoas lectoras empregando razóns e exemplos que a xustifiquen.

Neste tipo de textos, a persoa que escribe non só informa, senón que tamén opina e trata de facer que quen lea o texto pense do mesmo xeito. O obxectivo é defender unha idea con argumentos.



### CAL É A SÚA ESTRUTURA?

#### 1. Introducción


- **Obxectivo:** Presentar o tema do que se vai falar e expresar a opinión persoal.
- **Que podo incluír?**
  - O **tema** do texto.
  - A **opinión** da persoa que escribe.
  - Pódese **comezar por unha pregunta ou dato curioso** para espertar o interese.
- Exemplo: A día de hoxe, moitos nenos e nenas pasan moitas horas diante das pantallas. É bo isto? Eu penso que o uso excesivo de pantallas pode ser moi perigoso para a saúde e o benestar.



#### 2. Desenvolvemento

- **Obxectivo:** Explicar as razóns que apoian a opinión.
- **Que podo incluír?**

- Varias **razóns ben explicadas**, unha en cada parágrafo.
- **Exemplos** ou **experiencias** persoais.
- Comparacións, consecuencias, datos ou feitos que axuden a convencer.



- Exemplo: Un dos problemas máis grandes do emprego das pantallas é que poden causar problemas de visión. Ademais, cando se pasa moito tempo xogando ou vendo vídeos, pérdese tempo que se podería empregar para facer deporte ou estar coa familia. Por outra banda, ás veces os contidos que aparecen non son axeitados para todas as idades.

### 3. Conclusión

- **Obxectivo**: Pechar o texto cun resumo ou cunha reflexión final.
- **Que podo incluír?**
  - Breve **resumo da opinión** defendida.
- Exemplo: Por todo isto, coido que se deben empregar as pantallas con moderación. Se se empregan con responsabilidade, pódense aproveitar as vantaxes que ofrecen.

